



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día quince de febreiro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(142).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(143).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 1537/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30/01/18 e o informe de fiscalización do 8/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 7/02/18, asinado polo director técnico de Deportes, o director deportivo-xefe de Servizo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 22 de setembro de 2017, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de

inicio de expediente para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

No expediente inclúense os seguintes documentos

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Técnico do servizo de deportes o 21 de setembro de 2017.
- Resolución do concelleiro delegado de deportes do 22 de setembro de 2017 para o inicio do procedemento de contratación.
- Memoria xustificativa do prezo do contrato, modificacións, criterios de adxudicación e outras consideracións asinada polo Director Técnico de deportes o Director Deportivo-Xefe da unidade técnica e o Concelleiro Delegado de deportes o 19/22 de xaneiro de 2018.
- Anexo no que consta a relación de traballadores achegada pola empresa
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director Técnico de deportes do 12 de xaneiro de 2018
- Informe asinado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación xefa do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 29 de xaneiro de 2018 pola Técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe favorable da letrada de asesoramento e da titular de asesoría xurídica de data 30 de xaneiro de 2018.

II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1º.- Obxecto e natureza do contrato:

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. O obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento dos traballos derivados da prestación dos servizos de limpeza das "areas deportivas municipais dependentes da concellería de deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas, " recollidos no PPT e que se relacionan.

- a) Complexo deportivo das travesas.
- b) Complexo deportivo de Balaídos.
- c) Complexo deportivo de Navia.
- d) Complexo deportivo de Samil
- e) Complexo deportivo de Berbés.



Concello de Vigo

- f) Complexo deportivo da ETEA
- g) Pavillón de Coia.
- h) Pavillón de Bouzas
- i) Pavillón de Teis
- j) Pavillón de Candeán
- k) Pavillón de Carballal
- l) Pavillón de Lavadores
- m) Pavillón de Bembrive
- n) Pavillón de Castrelos
- o) Pavillón de Coruxo
- p) Pavillón de Sardoma
- q) Estadio de Atletismo

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de servizos previsto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

Con relación co obxecto do contrato indicar que a inclusión de todas as instalacións nun único contrato de servizo, mellora a unidade de xestión dos mesmos e garante maior eficiencia na xestión, a división por lotes do mesmo non aportaría aspectos positivos a xestión e dificultaría a operativa do mesmo. A unión nun único contrato garante a racionalidade e a maior funcionalidade, favorecendo os procesos de control, seguimento e avaliación e correccións no mesmo.

2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación de anticipado de gasto, co obxecto de cumprir cos prazos de tramitación e finalización do actual contrato a data de 30 de maio de 2018.

De acordo co artigo 13 e 16 do TRLCSP, e art. 4 da Directiva Europea de Contratación 2014/24 UE o presente contrato está suxeito a regulación harmonizada. Está sometido a recurso especial en materia de contratación, artigo 40.1.b) do TRLCSP.

3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establece en base os seguintes aspectos:

3.1.- Análise dos custes reais do actual contrato:

Co fin de establecer un prezo obxectivo para a licitación do servizo, considerase necesario determinar cales son os elementos que condicionan o prezo do mesmo, tendo en conta as consideracións expostas no PPT.

A necesidade de establecer un prezo certo e obxectivo para a licitación deste servizo, considerase necesario, en consideración a propia natureza do contrato, polo que procede a realización do análise dos custes derivados do actual contrato, e os condicionantes de execución contemplados no PPTP, para a determinación do importe de licitación, polo cal terase en conta de forma detallada os custes derivados da prestación dos servizos de limpeza obxecto deste expediente e que de forma resumida se detallan nos seguintes aspectos:

a.- Variacións dos custes das retribucións en relación o convenio de aplicación:

O custes de persoal deste contrato están suxeitos ao Convenio Colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Provincia de Pontevedra (BOP nº198 de 14 de outubro de 2015), e que se recollen no capítulo V. Retribucións. Art. 25 salarios, art. 26 Antigüidade, art. 27 Pagas extraordinarias, art.28 Plus de transporte, art. 29 plus de asistencia.

A incidencia do convenio no custes do contrato anterior ascenden a un 5,7 % en salarios así como unha cuarta paga no mes de outubro de 90€ no 2015, 120 € no 2016 e 120 € no 2017. máis 30 € euros en outubro.

A incidencia económica na totalidade do contrato anterior, cuio importe ascendía a 350.900,00 euros ano con ive, ascende a 37.946,31 euros con ive nos conceptos importe sobre plus de transporte e sobre plus convenio, sendo no ano 2017 a incidencia no contrato dos dous conceptos do 7,15%.

Incidencia convenio	2013	2014	2015	2016	importe	IVE 21 %
Importe sobrecoste plus de transporte	292,10 €	3.505,20 €	3.505,20 €	1.460,50 €		
Importe sobrecoste subida de convenio	0,00 €	3.607,89 €	13.286,38 €	5.535,99 €		
Total incremento	292,10 €	7.113,09 €	16.791,58 €	7.163,74 €	31.360,51 €	37.946,22 €
% total de incremento	0,21%	2,96%	6,98%	7,15%		

b.- Incidencia das horas de prestación do servizo, traballos específicos e consumibles:

Incidencia de horas do servizo: aumento de instalacións nas que se debe prestar o servizo e para as que se estima unha carga mínima de horas de limpeza ao ano de 19.587, 436



Concello de Vigo

semanais, en función das horas de distribución e de apertura e peche de instalacións segundo o cadro adxunto.

INSTALACIONES	Horas semana	horas 42 semanas	horas xullo	horas agosto	total horas ano
PAVILLON CENTRAL	94,5	3969	189	189	4347
FRONTONS-VERMELLA-					
PAVILLON CARMEN	20	840	40	40	920
XIMNASIO CARMEN	40	1680	160	0	1840
COMPLEXO BALAIIDOS	21	882	42	0	924
BERBES XIMNASIO	35	1470	0	70	1540
BERBES PAVELLON	16	672	30	30	732
PAVILLON BEMBRIVE	12	504	0	0	504
PAVILLON BOUZAS	12	504	16	16	536
PAVILLON CALVARIO	12	504	16	16	536
PAVILLON CASTRELOS	12	504	0	0	504
PAVILLON COIA	14	588	0	28	616
PAVILLON CORUXO	12	504	16	16	536
PAVILLON NAVIA	31,5	1323	63	63	1449
PAVILLON SAMIL	25,5	1071	51	51	1173
PAVILLON TEIS	14	588	0	28	616
COMPLEXO ETEA	21	882	42	42	966
PAVILLON CANDEAN	14	588	0	0	588
PAVILLON CARBALLAL	9	378	0	0	378
PAVILLON SARDOMA	10	420	0	0	420
ESTADIO ATLETISMO	10,5	441	21	0	462
	436	18312	686	589	19587

Os consumibles destinados a prestación do servizo, traballos específicos de limpeza coma os tratamentos DDD e recollida de contenedores hixiénicos.

Os conceptos anteriores nos levan a estimar uns custes do servizo seguindo o seguinte desglose.

Custes de persoal	330.246,79 €	84,5%
Custes amortizacións maquinaria	3.302,47 €	0,85%
Custes consumibles	19.814,81 €	5,07%
Custes mantemento	3.632,71 €	0,93%
Gastos xerais	9.907,40 €	2,54%
Convenio incremento 2017	3.962,96 €	1,01%
Beneficio industrial	19.814,81 €	5,07%
Total custe servizo sen IVE ano	390.681,95 €	100,0%
IVE 21%	82.043,21 €	
Total custe con IVE	472.725,16 €	

Orzamento base de licitación

Orzamento base de licitación 4 anos sen IVE	1.562.727,80 €
IVE 21%	328.172,84 €
Total orzamento con IVE	1.890.900,64 €

Valor prezo hora a efectos de modificación do contrato.

Estímase un prezo hora a efectos de modificación do contrato de 19,95 € sen IVE.

Valor estimado do contrato

Valor estimado do contrato prórrogas de dous anos e modificacións ata o 20%.	2.656.637,26 €
--	----------------

4.- Financiamento do contrato:

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, incluídos na aplicación orzamentaria 3420 2270000 “limpeza” e na bolsa de vinculación. Estímase que o contrato poderá entrar en vigor a partir do 1 de xuño de 2018 distribuíndose segundo a táboa adxunta, sempre tendo en conta a data da firma do contrato.

Distribución orzamentaria anualidades	Importes con IVE
2018(7 meses)	275.756,34 €
2019	472.725,16 €
2020	472.725,16 €
2021	472.725,16 €
2022 (5 meses)	196.968,82 €
Total	1.890.900,64 €

5º.- Revisión de prezos.

Non procede.

6º.- Xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de



Concello de Vigo

Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2017 dentro do programa orzamentario “3420” do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

7.- Clasificación dos licitadores

En canto á clasificación do contratista, debemos atender o disposto no artigo 65.1 do TRLCSP, apartado b) “Para os contratos de servizos non será exigible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación o na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos establecidos nos artigos 75 e 78 da Lei como en termino de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima exigible,…”

Polo exposto e tendo en conta que o obxecto principal do presente contrato centrase na execución de servizos limpeza, o licitador poderá acreditar a solvencia económica, financeira e técnica coa presentación da seguinte clasificación:

–Grupo U), Subgrupo 1, Categoría 4

8º.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

En canto á solvencia económica, financeira e técnica, debemos atender o disposto nos artigos 75 e 78 do TRLCSP, polo cal dita solvencia deberá ser exixida en relación os seguintes aspectos:

Solvencia económica e financeira:

Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o negocio, polo cal os mesmos deberán ter unha referencia directa cos servizos do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ó obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa

importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

9º.- Criterios de valoración e xustificación:

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 150.3 f) do TRLCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considerase oportuno estipular unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen un maior grado de coñecemento dos licitadores en relación a execución dos servizos vinculados o obxecto do contrato, así como os procesos de planificación, control e organización dos servizos obxecto deste contrato, polo cal se propón unha aplicación dun 30 % dos puntos os criterios avaliados por xuízo de valor.

A finalidade do apartado de avaliación dos criterios por xuízo de valor, ten por obxectivo determinar un sistema de ponderación e a conseguinte puntuación que identifique a mellor oferta en relación a proposta de execución técnica.

Polo exposto, establecece a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:

- a.- En relación aos criterios avaliados por xuízo de valor, propónse unha aplicación dun **30 % da puntuación total.**
- b.- En relación os criterios avaliados a través de fórmula, propónse unha aplicación dun **70 % da puntuación total.**

Esta distribución establécese tendo en conta a importancia que ten neste contrato o PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS, no cal os licitadores, deberán determinar os tratamentos de limpeza, as frecuencias as cargas horarias mínima de traballo para cada unha das zonas, co obxectivo de cumprir coas esixencias do contrato.

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de



Concello de Vigo

cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, de entre as diferentes ofertas realizadas, a que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, se procederá a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios **definidos no apartado 8 das FEC.**

10.- Garantía complementaria:

Non se aplica.

11º.- Subcontratación.

Autorízase nos termos e contías previstas no artigo 227 do TRLCSP. Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 25 %. A autorización para a subcontratación estará referida unicamente os servizos vinculados con actuacións específicas que requiran procesos especializados e os servizos complementarios derivados da subministración de consumibles ou maquinaria obxecto deste contrato.

12.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

Non se considerarán ofertas anormais ou desproporcionadas.

13.-Prescripcións técnicas particulares:

O Prego de prescripción técnicas PPT, se anexa a este expediente e atópase redactado en base as peculiaridades do servizo.

14.- Lotes.

O contrato non se divide en lotes. A unión nun único contrato garante a racionalidade e a maior funcionalidade, favorecendo os procesos de control, seguimento e avaliación e correccións no mesmo.

II.-ASPECTOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES:

1.- Prazo de execución:

Ao ser este un servizo recorrente no tempo e necesario. Estímase que o contrato terá unha vixencia de 4 anos partir da firma do contrato. O prazo da entrada en vigor da prestación do servizo e a partir do día seguinte a firma do contrato.

2.- Prórrogas.

Dúas prórrogas dun ano cada unha.

No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á calquera das opcións de prórroga, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, cun mínimo de 10 meses de antelación sobre a data de finalización do período contractual vixente. En caso de non facelo en dito prazo, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

3.- Medios persoais e materiais:

E responsabilidade da empresa adxudicataria poñer todos os medios persoais e materiais (útiles de limpeza, produtos, vehículos e máquinas) para o desenvolvemento do contrato garantindo en todo momento a funcionalidade e sustentabilidade do servizo.

4.- Modificación do contrato:

Atenderase ao estipulado no **apartado 16 das FEC.**

5.- Responsable do Contrato:

O responsable do contrato será o Director Técnico do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

6.- Seguro:

O Adxudicatario, deberán subscribirse pólizas de RC e Danos, que cubran os riscos e danos derivados que puidesen producirse na execución do contrato, e onde queden cubertos tanto o seu persoal como o da Administración contratante que interveña nos traballos obxecto do presente Prego. Todos os gastos correspondentes a estas pólizas serán de conta do Adxudicatario, polo cal, será responsabilidade da empresa os danos de calquera clase, que por negligencia ou imprudencia durante os traballos de limpeza ou como consecuencia dos mesmos, cáusense nas instalacións ou se produzan a terceiras persoas ou bens, situados nas dependencias das instalacións e contorna exterior, obxecto desta licitación, será total responsabilidade da empresa adxudicataria.

Non se permitirá ningunha franquía nas pólizas de seguros, cuxas copias deberán ser remitidas ao responsable do contrato.

- O importe da póliza de RC será o correspondente para unha cobertura mínima de 900.000,00 € por sinistro.



Concello de Vigo

- O importe da póliza de accidentes será o correspondente para unha cobertura mínima de 200.000,00 euros.
- O período de cobertura será polo correspondente período do contrato.
- O adxudicatario deberá xustificar documentalmente en cada exercicio o pago da correspondente prima de seguro. Calquera modificación nas pólizas, deberá ser comunicada previamente ó órgano de contratación, así mesmo o concesionario comunicará de forma inmediata todo sinistro ou incidencia en relación ás coberturas dos seguros a Concellería de Deportes.

7.- Garantía.

Non procede.

8.- Facturación:

Atenderase ao indicado no **apartado 12 das FEC**

Códigos de facturación.

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

9.- Obrigación de presentar orzamento desglosado do servizo

O licitador deberá incluír ademais da oferta segundo o modelo do PCAP, no sobre "C", un orzamento descomposto dos custes do servizo que teña relación directa coa oferta realizada. Os cálculos deste orzamento deberá adecuarse de maneira xustificada a oferta presentada, indicando a descomposición das unidades de custes do servizo, das cales deberán indicarse de maneira expresa as correspondentes os gastos de persoal, gastos de equipos e maquinaria, e gastos de consumos.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución dos servizos sobre os cales o licitador deberá indicar o porcentaxe de gastos xerais de aplicación o orzamento de gastos. O licitador deberá presentar un documento descomposto de custes imputable por cada instalación obxecto do contrato, seguindo o modelo adxunto.

NOME INSTALACIÓN :	IMPORTES
Horas realizadas	
Prezo hora por traballador con iva	

CUSTES:	
Custes de persoal	
Custes amortizacións-maquinaria	
Custes consumibles	
Custes DDD	
Custes fitosanitarios	
Custes illas ecolóxicas	
Custes mantemento	
Gastos xerais-	
Outros convenio	
Beneficio industrial	
Total custe servizo	
IVE 21%	
Total custe con IVE	

III.- PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS”

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos asinado polo Director Técnico para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Terceiro: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o 29 de xaneiro de 2018 pola Técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.890.900,64 € con IVE, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 328.172,84 €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes, para o ano 2018, incluídos na aplicación orzamentaria 3420.2270000 LIMPEZA e na bolsa de vinculación.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(144).- CONTRATO DE ALUGUEIRO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O ORGANISMO PÚBLICO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) PARA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS ENTRE OS PP.KK 173/503 AO 177/100, PARA A CREACIÓN DUNHA VÍA NON MOTORIZADA DE VIGO A REDONDELA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 20057/240.

Visto o informe xurídico de data 9/02/18 e o informe de fiscalización do 14/02/18, dáse conta do informe-proposta do 14/02/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Territorial e Patrimonial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 08.02.2018, o Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio, Xestión municipal, Administración Electrónica e Recursos Humanos, acordou iniciar expediente para convenir o contrato de aluguer entre o Concello de Vigo e o organismo público Administrador de Infraestructuras Ferroviaria para a disposición dos terreos de propiedade desta, entre os PP.KK 173/503 AO 177/100, para a execución dunha vía non motorizada de Vigo a Redondela no termo municipal de Vigo

SEGUNDO.- A xefatura do Servizo administrativo e control orzamentario da Concellería de Fomento, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión municipal, o 09.02.2018, redacta "Memoria xustificativa do contrato de aluguer entre o Concello de Vigo e ADIF para a disposición dos terreos de propiedade desta, entre os PP.KK 173/503 AO 177/100, para a execución dunha vía non motorizada de Vigo a Redondela no termo municipal de Vigo"

TERCEIRO.- En data 09.02-18, o enxeñeiro da edificación emite informe pericial sobre a renda a pagar polo aluguer da parcela na que o Concello executará a "senda verde", e que se calcula en 3.200 euros anuais.

Término Municipal	P.K. Inicio	P.K. Fin	Longitud (m)	Superficie (m ²)
VIGO	173/503	177/100	3.597	56.278
			3.597	56.278

CUARTO.- En data 09.02.18, a Xefa da Área Patrimonial e Territorial emite informe xurídico sobre o contrato.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 38/2015, de 20 de setembro, do Sector Ferroviario
- Real Decreto 2395/2004, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias.
- Real Decreto 1044/2013, de 27 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2018
- Código Civil

II.- Contrato

A posibilidade de celebración de contratos atópase prevista nos artigos 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local , 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS) e 106 e 111 da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

No relativo á capacidade de ADIF para proceder á cesión do uso dos terreos, o artigo da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, define a ADIF como Administración Pública, e como Entidade Pública Empresarial, según determinan os artigos 84 e 103 da citada Lei, ríxese polo dereito privado, e o réxime do seu patrimonio regúlase na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

En canto ó seu contido, axustado á lexislación patrimonial , específica ferroviaria e de dereito privado, detállase no informe xurídico obrante no expediente..

O interese xeral e a conveniencia na concertación do contrato, recóllese na Memoria xustificativa do contrato, documento que se redacta en aplicación dos artigos 112 e 116 LPAP.

As necesidades-obxectivos concretos se definen asemesmo na Memoria, e consisten en alugar ADIF ó Concello unha parcela de natureza patrimonial, da súa propiedade que se



Concello de Vigo

describe como “Parcela de terreno sita no termo municipal de Vigo, entre os PP.KK. 173/503 ao 177/100, presenta forma irregular alargada, cunha extensión superficial aproximada de CINCONTA e SEIS MIL DOUSCENTOS SETENTA E OITO METROS CUADRADOS (56.278 m2)”, incluíndo os elementos da antiga infraestrutura ferroviaria, (pontes, túneles), co fin de que sea destinada ó establecemento dunha “Vía Verde” por parte do Concello de Vigo, dada a condición de idoneidade para este fin, para o que se subscribirá o corresponde contrato nos termos nel expostos, coa intención de que toda a veciñanza de Vigo poida dispor dun espazo destinado a Vía Verde como zona de esparcemento e lecer. Ademais o contrato de referencia permitirá unha mellora substancial deste ámbito que na actualidade se atopa nunha situación de abandono.

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do contrato os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria e cláusula do contrato, informe pericial e informe xurídico.

O contrato responde ás competencias que desenvolven os municipios, en virtude do disposto na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 25.2, letras “b” , “c”, e “h” ; isto é, medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos, Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, e promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade coa Disposición adicional segunda apartado 3 TRLCSP e co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “a” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do contrato que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.-Aprobar o CONTRATO DE ALUGUER ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O ORGANISMO PÚBLICO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) PARA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS ENTRE OS PP.KK 173/503 AO 177/100, PARA A CREACIÓN DUNHA VÍA NON MOTORIZADA DE VIGO A REDONDELA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO, con arranxo ás cláusulas incluídas no mesmo, co texto que se inserta de seguido no presente **ANEXO..**

Segundo.- Solicitar do ORGANISMO PÚBLICO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) a aprobación do contrato de aluguer que se anexa para a posta en marcha da Vía Verde de Vigo a Redondela

Terceiro.- Comprometerse a habilitar crédito dabondo para financiar as obrigacións do Concello de Vigo en materia de financiación contempladas no contrato, con cargo á aplicación orzamentaria de nova creación 1532.2000000 “arrendamento terreos antiga vía de tren”, nos termos establecidos no vixente contrato.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Quinto.- Autorizar ao Concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación a firma do contrato de arrendamento con ADIF e cantos documentos sexan necesarios para a súa execución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONTRATO DE ARRENDAMIENTO ENTRE EL ORGANISMO PÚBLICO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) Y el CONCELLO DE VIGO, PARA LA PUESTA EN MARCHA DE LA “VÍA VERDE DE REDONDELA-VIGO, EN EL T.M. DE VIGO (PONTEVEDRA)”

En, a de febrero de 2018

REUNIDOS

DE UNA PARTE, La entidad pública empresarial ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS, que en lo sucesivo se denominará Adif, con CIF nº Q2801660H, domiciliada en Sor Ángela de la Cruz nº 3 28020 de Madrid, representada por -----.

DE OTRA PARTE, El CONCELLO DE VIGO, con CIF nº P3605700H, domiciliado en Praza do Rei, nº 1, 36202-Vigo (Pontevedra), representado por el 2º Teniente de Alcalde y Concejala Delegado de Área de Fomento, Limpieza y Contratación, D. David Regades Fernández, con DNI nº 36.077.372-D.

Las partes intervinientes se reconocen mutuamente capacidad bastante para otorgar el presente Contrato, a cuyo efecto,

EXPONEN

Que, de acuerdo con el artículo 22 de la Ley 38/2015, de 29 de septiembre del Sector Ferroviario, y del artículo 1 de su Estatuto, aprobado por Real Decreto 2395/2004, de 30 de diciembre, Adif es una entidad pública empresarial dentro de la clasificación que para los organismos públicos se establece en el artículo 84 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, adscrita al Ministerio de Fomento a través de su titular. Tiene personalidad jurídica propia y diferenciada de la del Estado, plena capacidad de obrar y patrimonio propio, rigiéndose



Concello de Vigo

se por lo establecido en la Ley 38/2015, en la Ley 40/2015, en su propio estatuto y en las demás normas que le sean de aplicación.

Constituye un pilar básico de la orientación estratégica de ADIF la sostenibilidad y la creación de valor compartido a largo plazo para la sociedad contribuyendo al bienestar de las personas. De esta forma la Responsabilidad Social y Sostenibilidad, se integra en la base desde la que se construye la estrategia empresarial de Adif actuando, por tanto, como empresa comprometida con el desarrollo económico y el progreso de la sociedad.

También constituye un eje de la actuación del Adif el compromiso de respeto medioambiental, que se traduce, entre otros objetivos, en promover el establecimiento de los programas adecuados para garantizar el máximo grado de conservación y vigilancia hacia los espacios naturales de interés ecológico, científico, educativo, cultural, paisajístico o recreativo.

Que en este contexto Adif pretende dar respuesta a las exigencias de movilidad sostenible, ocio participativo y respeto con el medio ambiente que plantea nuestra sociedad civil impulsando la reutilización de las vías sin servicio para la creación de Vías Verdes.

Así, Adif titular del suelo, infraestructuras y equipamientos anexos en líneas de ferrocarril cerradas o de construcción abandonada, potencia la creación de itinerarios accesibles y seguros para desplazamientos no motorizados. La rehabilitación y uso de estos itinerarios debe encuadrarse dentro de los principios de Desarrollo Sostenible y respeto a la cultura y particularidades de los pueblos donde se realiza la actuación.

Que Adif tiene incluidos en su Inventario los terrenos correspondientes a la infraestructura de la explanación del ferrocarril fuera de servicio de parte de la línea Monforte de Lemos a Vigo, que reúne los requisitos para su uso como Vía Verde, a las que se hace referencia en el expositivo anterior.

Los terrenos reseñados en el párrafo anterior son los que se describen a continuación:

Parcela de terreno sita en el término municipal de Vigo, entre los PP.KK. 173/503 al 177/100, presenta forma irregular alargada, con una extensión superficial aproximada de CINCUENTA Y SEIS MIL DOSCIENTOS SETENTA Y OCHO METROS CUADRADOS (56.278 m²), y con el siguiente desglose aproximado:

Término Municipal	P.K. Inicio	P.K. Fin	Longitud (m)	Superficie (m ²)
VIGO	173/503	177/100	3.597	56.278
			3.597	56.278

Todo ello, según se recoge en los planos que se incorporan como Anexo nº I a este acuerdo y que, una vez firmados por ambas partes, forman parte integrante del mismo.

Existe carril y fibra óptica en el trazado, por lo que antes de cualquier actuación para adecuar el trazado a las características de una de la Vía Verde, se debe proceder por parte de Adif al levante del carril y georreferenciación de la fibra óptica (estipulaciones Decimocuarta y Decimoquinta).

Que por acuerdo del Consejo de Administración de Adif, en su sesión de 19/12/2017, los terrenos referidos en el exponiendo anterior han quedado incorporados al patrimonio propio del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias con el carácter de bien patrimonial.

Con objeto de hacer viable la amortización de las inversiones que hay que realizar en la traza ferroviaria para adecuarla al uso de la Vía Verde, así como para posibilitar la obtención de subvenciones a tal fin, el CONCELLO DE VIGO ha solicitado a la Entidad Pública Adif la concertación del correspondiente contrato de arrendamiento para la puesta en marcha de la citada Vía Verde, y ello al menos hasta que se tramiten las necesarias modificaciones del planeamiento municipal que permitan la integración definitiva de los terrenos arrendados en la trama urbana de la ciudad de Vigo.

Que desde el inicio del programa de Vías Verdes Adif ha mostrado gran interés en el desarrollo del mismo colaborando en diversas actuaciones del citado programa y en ese espíritu de cooperación, Adif contribuye poniendo a disposición de el CONCELLO DE VIGO los suelos sobre los suelos referidos, a los fines antes explicitados.

Que el CONCELLO DE VIGO está interesado en integrar los terrenos liberados por el tramo de línea de ferrocarril fuera de servicio que transcurre por su término municipal coordinando un Proyecto Vía Verde de Redondela-Vigo, en el T.M. de Vigo (Pontevedra), con el objetivo general de mejorar la conectividad urbana y mantener los mismos en unas condiciones adecuadas de salubridad y ornato públicos, poniendo en valor y uso de este modo una infraestructura de carácter ferroviario, que ya no responde a la funcionalidad para la que fue concebida.

En este sentido el CONCELLO DE VIGO solicitó en su momento, o se compromete a solicitar, al Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, su inclusión como colaborador en el Plan de Caminos Naturales - Vías Verdes.

La personalidad jurídico-pública de la arrendataria, las peculiares necesidades que satisface el contrato de Vía Verde, , la evidente idoneidad del bien al fin perseguido y el interés público, son razones suficientes para que, de conformidad con el Artículo: 107.1 de la Ley 33/2003 del Patrimonio de las Administraciones Públicas, concertar directamente el contrato con la Administración Local del término por donde discurre la traza de la vía.

Por todo lo expuesto, ambas partes suscriben el presente contrato de arrendamiento, que se regirá por las siguientes

ESTIPULACIONES

PRIMERA.- OBJETO Y DESTINO

El objeto del presente documento es el arrendamiento al CONCELLO DE VIGO de los inmuebles que se describen en el Expositivo III, incluyendo los elementos de la antigua infraestructura ferroviaria (puentes, túneles, etc) que en este terreno se ubican, con el fin de que sean destinados, única y exclusivamente al establecimiento de la Vía Verde.

SEGUNDA.- PLAZO Y ENTRADA EN VIGOR

Este contrato tendrá una duración de 20 años, y entrará en vigor transcurridos cuatro meses desde el día de la firma, fecha para la que se estima estén finalizados los trabajos de señalización, levantamiento de planos y georeferenciación de fibra óptica (ESTIPULACIÓN DECIMO-CUARTA), así como los de levante de carril, sus elementos de sujeción y las traviesas sobre las que se asienta (ESTIPULACIÓN DECIMOQUINTA).



Concello de Vigo

